

GUIÓN PARA A MISA CAMPESTRE

ENTRADA: (Grupo gaiteros-Alborada!?)

Presentación "Amigos da Auga de Galiza"

Crego: Vida/fe, familia, amigos, veciños, irmandade: Natureza/Fonte/Auga/VIDA.
¡AGRADECIDOS/AS!

¡UNHA XUNTANZA DE AMOR TEMOS AQUÍ! Pois precisamos que Ti nos queiras, que Ti nos fales connosco vivas!

LECTURAS (Entre 2/3 persoas)

1ª/ No Libro do Deuteronomio lemos o seguinte:

2ª "Mira como o Señor, o teu Deus, te vai levar a un País bo, Terra de regueiros de auga, de fontes e de lagoas que saen dos vales, das veigas e dos montes"

1ª/ Tamén no Libro de Xob se nos deixou dito:

2ª/ "Deus é máis grande do que coñecemos; non hai quen leve conta dos seus anos, pois El deixa caer as pingas da auga a esvarar a chuvia desde o ceo orballando desde as nubes petando a chuvia contra o chan. Por medio delas alimenta á xente, dándolles comida dabondo"

Evanxeo DA AUGA VIVA e sinxela homilía (o cura)

OFRENDAS:Auga, comida, prantas, frores, aixada, gaita,

¡TODO O QUE TEMOS, VEU DE REGALO, HAI QUE FACELO MEDRAR E MULTIPLICALO!. ¡MULTIPLICALO!, MULTIPLICALO: TODO O QUE TEMOS, AMIGOS, VEU DE REGALO!

RECITADO (ou alternando coa música de "Dáme lume Sara)

Na Alta Montaña - en Terras do Cebreiro

hai outros valores - máis fortes có diñeiro.

Queda A FAMILIA - FILLOS ,PAIS E AVÓS

Para asegurar - que non estamos sós.

¡Vidas sinxelas - coas portas abertas

¡niso da IRMANDADE - son xente experta!

Palabras e feitos - FÉ e TRADICIÓN:

que fan presente - os vellos FIANDÓNS!

Silenzos expresivos - RICA NATUREZA

VIDA COMPARTIDA -ESA É A NOSA RIQUEZA

A Festa da AUGA - vivida en HARMONÍA

¡Traia para todos - PAZ, ALEGRIA E VIDA!

OFERTORIO: Veleiquí, Señor o viño, froito das nosas videiras; e o pan de trigo arrincado, ao lentor das nosas leiras.

O MAR, AS ESTRELAS, OS RÍOS E O SOL; OS PRADOS E AS LEIRAS PARA TI SEÑOR. ((bis).

Segue a MISA. O SANTO (CANTADO). Gaitas ao alzar. NOSO PAI (collidos das mans: ¡QUE VEÑA A PAZ Á NOSA TERRA!

CANTO DE COMUNIÓN:

¡O POUCO QUE DEUS NOS DÁ - CABE NUNHA MAN PECHADA:

O POUCO CON DEUS É MOITO - O MOITO SEN DEUS É NADA!1

1ª Que se acheguen os famentos, de verdade e xustiza ¡e atoparán a fartura na mesa da Eucaristía!

2ª Os que sentides a sede dos sedentos de auga viva; ¡vinde beber xubilosos na fonte da Eucaristía!

3ª O banquete do Señor é unha mesa de irmandade, ¡vinde vestidos de festa cantándolle á liberdade!

4ª Achegádevos a min os anguriados da vida; ¡serei o voso agarimo e enchereivos de alegría!

5ª O que coma do meu Pan, vivirá eternamente; o que beba do meu Sangue ha de ter vida por sempre.

FINAL: PORQUE ES GRANDE NOSO DEUS E VÉN DE TI CANTO É BO;
¡DESDE ESTA NOSA TERRIÑA DÁMOSCHE GRAZAS, SEÑOR!

Temple/Busnullán (Pedrafita do Cebreiro) 23-VIII-2008
